

4º Educación Infantil

Ola familias:

Para os/as máis pequenos/as do colexio hai unha serie de actividades que podedes facer con eles/elas en casa.

- É moi importante que xoguen con plastilina, que lles axuda na adquisición das habilidades para unha posterior iniciación á escritura (reforza o ton muscular, exercita os dedos, axuda a unha boa grafomotricidade fina, etc).
- Tamén poden debuxar e colorear: para colorear reforzar que procuren non saír da liña do debuxo e rechear o máximo posible, sen deixar ocos en branco .
- Estamos a traballar co número 1 e o 2, podedes facerlle con puntos o número en grande e que eles/elas o repasen por enriba cun lapis e cun rotulador, poden pegarlle plastilina por riba, repasar co dedo cheo de témpera ou pintura de dedos, pegarlle unha lá ou fío de calquera cor e grosor, etc
- Deben practicar o seu nome, escribilo con maiúsculas, repasalo varias veces (podedes escribilo vós e eles/elas o repiten por debaixo, aínda que a maioría xa o sabe facer só/a).
- Calquera manualidade será benvinda, se a facedes xuntos mellor.
- Podedes facer xogos de agrupamentos de cores co que teñades por casa, por tamaños (grande-pequeno), por formas (circulo-cadrado), tamén podedes traballar o concepto uno-muchos,etc
- Xogar a disfraces lles gusta moito e facer de distintos personaxes axuda a súa creatividade e imaxinación, tamén crear diálogos con eles/elas fomenta a expresión oral.
- Podedes facer sinxelas receitas de cociña, onde os/as nenos/as poden experimentar cos distintos alimentos, pesalos, facer medicións, etc e o mellor de todo, comer o que cociñedes!!!
- Hai tamén páxinas en youtube para facer exercicios de grafomotricidade sinxelos con eles/elas, que seguramente poña a mestra de inglés, estade atentos no apartado de inglés.
- Hai innumerables contos para que estes días podades reler na casa ou buscalos en youtube. Aquí vos deixo un enlace de un deles. <https://youtu.be/VFLiD25KwSA>
- Ademais podedes facer actividades do conto.
- Outro enlace con ideas para facer na casa <https://saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en-casa/juegos-para-ninos/juegos-para-ninos-de-3-anos/>

E para que os menos traballen a atención , lóxica e observación, aquí tedes algún enlaces de interese:

-<https://www.juegosinfantiles.com/memoria/index.php>

<https://www.educapeques.com/los-juegos-educativos/juegos-de-memoria-logica-habilidad-para-ninos/portal.php?contid=47&accion=listo>

Un saúdo e ánimo.

A Titora